

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 24 de xaneiro do 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 24 de xaneiro de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 20 de decembro de 2016.
- 2º.- Licenza de vado permanente.
- 3º.- Comunicaci3ns previas (obra menor).
- 4º.- Licenzas de primeira ocupaci3n.
- 5º.- Comunicaci3n previa (actividade) e autorizaci3n de uso temporal.
- 6º.- Licenzas de obra maior.
- 7º.- Licenzas de segregaci3n.
- 8º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2016.

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do día 20 de decembro de 2016.

SEGUNDO.- LICENZA DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por DAVID MORONO VAZQUEZ, con domicilio en Avd. dos Ánxeles 46, Os Ánxeles, na que solicita licenza municipal para a colocaci3n dun vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda da Avd. dos Ánxeles 46, Os Ánxeles. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policia local, acorda por unanimidade conceder a autorizaci3n para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por EUGENIO VITORES BARBERA, con domicilio en Sabax3ns 60, Bastavales, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Sabax3ns 60, Bastavales, substituíndo a cobertura existente por outra nova sen incrementar o seu volume.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo urbano (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condici3n de que se coloque novamente tella de barro cocido como material de cubrici3n.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por JOSE MANUEL VAZQUEZ ARMESTO, con domicilio no Casal 26, Bri3n, na que comunica que vai delimitar as seguintes parcelas rústicas do polígono 31: a parcela 668 e as parcelas do 671 ao 677, situadas no Casal. As parcelas, con fronte a camiño público, delimitaranse con postes e arame, con unha

altura de 1,50 metros, medidos sobre a rasante natural do terreo, situados nos bordos da propiedade.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1ª.2.b) da Lei 2/2016, o disposto nesta lei para o solo rústico.

Visto o informe desfavorable da arquitecta municipal do 11.01.2017 que literalmente di:

“3.- Segundo artigo 92 da Lei 2/2016 do solo de Galicia os peches permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixo da vía pública, salvo que o instrumento de ordenación urbanístico estableza unha distancia superior.

Neste senso o PXOM no seu artigo 3.9 establece un recuado dos cerramentos as vías mínimo de 5 m do eixo do vial.

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e peches de postes e arames destinados a delimitar a propiedade rústica.

O deslinde e colocación de marcos proceden cando os límites dos terreos están confundidos de forma tal que non se poda ter coñecemento exacto da liña perimetral de cada propiedade (Tribunal Supremo Sala 1ª Sentenza 27 de maio 1974), de aí que a acción non resulte viable cando os predios están perfectamente identificados e delimitados.

4.- Considérase que as obras de delimitación que se pretenden executar e descritas na comunicación previa, non se axustan ás condicións previstas para o emprazamento na normativa urbanística de aplicación e coa lexislación urbanística vixente, dado que as parcelas están perfectamente delimitadas polas vías de circulación públicas asfaltadas.”

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe desfavorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda non autorizar as obras, polos motivos expostos no informe transcrito.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE BARCA SANMARTIN, con domicilio en Santiago de Chile 25, 6ºB, Santiago de Compostela, na que comunica que vai instalar unha caseta de 4 m² para gardar elementos de labranza, cunha altura máxima de 1,93 m., na finca con referencia catastral 15013B506008410000MG, situada en Brans de Arriba, Brión.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1ª.2.d) da Lei 2/2016, o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CELIA PAZOS SOAGE, con domicilio en Beca 15, Bastavales, na que comunica que vai pechar a terraza da vivenda de Beca 31, Bastavales, segundo memoria redactada polo arquitecto Pablo Castro Pais, presentada no concello o 25/10/2016 (r.e. 4676) e documentación complementaria presentada no concello o 29/11/2016 (r.e.5191).

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza para as áreas consolidadas pola edificación NRL-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente á memoria presentada, redactada polo arquitecto Pablo Castro Pais, presentada no concello o 25/10/2016 (r.e. 4676) e documentación complementaria presentada no concello o 29/11/2016 (r.e.5191).

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Fernando Carballido Sanjurjo, que di actuar en representación de ERNESTO REY FRAILE e MARIA ANGELES LOPEZ RODRIGUEZ, con domicilio en Cirro 32, San Salvador, na que solicitan licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Cirro 32, San Salvador.

Con data 28/05/2015 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Ernesto Rey Fraile e María Ángeles López Rodríguez para construír a vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra dos arquitectos Carlos Mezquita Fernández e Jorge Nimo Silva, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25/10/2016, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por CRISTOBAL RAMOS LAGE, con domicilio en Rueiro 5A, Bertamiráns - Ames, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Guitiande 67, Os Ánxeles.

Con data 07/10/2014 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Cristobal Ramos Lage para construír a vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra do arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación da Coruña o 22/12/2015, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE) E AUTORIZACIÓN DE USO TEMPORAL.

a) Deuse conta dun escrito asinado por Héctor Sánchez Ventín, en nome e representación da ASOCIACION KRAKEN AIRSOFT GALICIA, en calidade de presidente, con domicilio na Rúa das Cartas nº 2, 5º D, Milladoiro, Ames, para o funcionamento da actividade de airsoft e de actividades lúdico deportivas e culturais ao aire libre, no lugar de Esparís 13, Viceso (antigo IES de Esparís), segundo documentación presentada no concello o 25/10/2016 (r.e. 4684) e o 23/01/2017 (r.e. 298) e solicitando o uso do ben sinalado.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade acorda:

1º) Autorizar, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, o funcionamento da actividade de airsoft e de actividades lúdico deportivas ao aire libre en Esparís 13, Viceso (antigo IES de Esparís).

2º) Autorizar de xeito gratuíto o uso do ben municipal sinalado, autorización que en todo caso entendese outorgada en precario, podendo revogarse unilateralmente polo concello en calquera momento, sen obriga de respectar prazo de preaviso ningún, por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulte incompatible con condicións xerais aprobadas con posterioridade, produza danos no dominio público, impida a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscabe o uso xeral, e coas seguintes condicións:

-. Antes do inicio da actividade haberán de achegar seguro de responsabilidade civil para garantir, fronte ao concello e os participantes nas actividades, os posibles riscos derivados da utilización do inmovible, cunha cobertura de polo menos 3.000.000 euros por sinistro, acreditando asemade o pagamento da prima. O límite mínimo por vítima será de 600.000 euros, agás que se acredite a imposibilidade de contratar unha póliza con tal cobertura, por non existir no mercado, suposto no que o límite mínimo de cobertura haberá de ser de polo menos 300.000 euros.

-. Antes do inicio da actividade haberán de proceder á limpeza e desescombros do inmovible, con entrega dos residuos a xestor autorizado, dando cumprimento ao disposto no RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, e demais normativa aplicable.

-. Imponse a obriga de avisar ao concello, con polo menos 24 horas de antelación, a previsión de desenvolvemento de actividades e a duración estimada das mesmas, con indicación de horas aproximadas de inicio e remate.

- Os actos autorizados desenvolveranse baixo a exclusiva responsabilidade do autorizado, debendo responder o mesmo de todos os danos e prexuízos que se poidan ocasionar.

- A autorización do uso da instalación se concede polo prazo de tres anos contados desde o día de hoxe podendo ser obxecto de prórroga de un ano, ata un máximo de catro anos, incluída a posible prórroga.

- Deberá obter pola súa conta cantas licenzas e permisos requira o uso do ben ou a actividade a realizar sobre o mesmo.

- O concello se reserva a facultade de inspeccionar o ben obxecto de autorización en calquera momento, para garantir que o mesmo é usado de acordo cos termos da autorización.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por RAMON BARROS BUENO, con domicilio en Rúa Redondo 68 A, 2ºE, Pontecesures (Pontevedra), de solicitude de licenza de obra maior para construír un muro de contención en Bastavaliños 39, Bastavales, segundo documentación redactada polo arquitecto Javier Fernández Echevarría, visada no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25/10/2016.

A Xunta de Goberno Local o 17/12/2013, concedeulle licenza de obra menor para construír un peche en Bastavaliños 39, Bastavales, coas seguintes características:

“PECHE DE BLOQUES:

- O peche terá unha altura máxima de 1,20 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.

- Deberá situarse a 5,50 metros do eixo da estrada.

- Os bloques de formigón deberanse recebar e pintar en cores claras, non podendo quedar á vista, tal e como establece o artigo 104 de adaptación ao ambiente da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e o propio planeamento municipal (PXOM).

PECHE DE BLOQUE E ARAME:

- O peche terá unha altura máxima de 1,20 metros, podendo acadar unha altura total de 1,80 metros con solucións diáfanos (aramé), medidos desde a rasante natural do terreo.

- Os bloques de formigón deberanse recebar e pintar en cores claras, non podendo quedar á vista, tal e como establece o artigo 104 de adaptación ao ambiente da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e o propio planeamento municipal (PXOM).

- Deberá situarse mínimo a 4 metros do eixo do camiño lindeiro polo vento oeste.”

Con esta solicitude preténdese modificar o peche de bloque e arame que linda polo vento oeste da parcela, que vaise cambiar pola construción dun muro de contención de formigón e maia metálica, dunha altura na parte cega inferior a 1,20 m. e unha altura total de 1,80m., sen modificar a distancia establecida ao eixo do camiño (4 m.).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente á documentación en base ao cal se lle outorga a licenza, redactada polo arquitecto Javier Fernández Echevarría, visada no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25/10/2016.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos

que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SÉTIMO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SANTIAGO RAMOS ROMARIS, con domicilio en Patio de Madres nº14, 4º, Santiago de Compostela, na que solicita licenza de agrupación e posterior segregación das parcelas 847-a e 847-b, de concentración parcelaria de Brión, lugar de Brans de Abaixo, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Cándido Rodríguez Giráldez, presentado no concello o 11/10/2016 (r.e. 4440).

Descrición das parcelas matriz:

Parcela 847-a de concentración parcelaria de Brión.

Referencia catastral: 7166815NH2476N0001RT.

Superficie catastral: 1.607 m².

Superficie segundo medición recente: 1.540 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

Norte: Avelino Ramos Vázquez (848).

Sur: José Ramón Ramos Vázquez, máis da propiedade (847-b).

Leste: zona excluída.

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Parcela 847-b de concentración parcelaria de Brión.

Referencia catastral: 7166809NH2476N0001MT.

Superficie catastral: 2.403 m².

Superficie segundo medición recente: 2.689 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

Norte: José Ramón Ramos Vázquez, máis da propiedade (847-a).

Sur: Avelino Ramos Vázquez, (846).

Leste: zona excluída.

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Agrupación das fincas 847-a e 847-b:

Parcela 847-ab de concentración parcelaria de Brión.

Superficie segundo medición recente: 4.229 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

Norte: Avelino Ramos Vázquez, (848).

Sur: Avelino Ramos Vázquez, (846).

Leste: zona excluída.

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Segregación pretendida:

PARCELA 1:

Superficie: 1.057, 25 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

Norte: parcela segregada nº2.

Sur: Avelino Ramos Vázquez (846).

Leste: zona excluída.

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

PARCELA 2:

Superficie: 1.057, 25 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

Norte: parcela segregada nº3.

Sur: parcela segregada nº1.

Leste: zona excluída.

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

PARCELA 3:

Superficie: 1.057, 25 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

Norte: parcela segregada nº4.

Sur: parcela segregada nº2.

Leste: zona excluída.

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

PARCELA 4:

Superficie: 1.057, 25 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

Norte: Avelino Ramos Vázquez (846).

Sur: parcela segregada nº3.

Leste: zona excluída.

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, informando ao interesado, que segundo o artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deberá proceder á cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, que se cumprimentará con ocasión do procedemento de concesión de licenza de obras, no seu día.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por JULIO SANCHEZ VAZQUEZ, con domicilio en O Casal 14, Brión, na que solicita licenza de segregación e agrupación das parcelas con referencia catastral 15013B506003950000MQ, 5152701NH2455S0001RA e 15013A03000070000UP, do lugar do Casal, Brión, segundo proxecto redactado pola enxeñeira técnica agrícola Cristina Sánchez Vázquez, presentado no concello o 10/11/2016 (r.e. 4933).

Descrición das parcelas matriz:

Finca matriz 1.

Referencias catastrais: 15013B506003950000MQ e parte de 5152701NH2455S0001RA.

Superficie: 15.910 m².

Clasificación urbanística: parte solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1) e parte solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

Norte: camiño e zona excluída de concentración parcelaria, regato en medio en parte.

Sur: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria e zona urbana de O Casal.

Leste: zona excluída de concentración parcelaria.

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sobre esta parcela existe unha edificación destinada a vivenda e parte de outra destinada a almacén.

Finca matriz 2.

Referencias catastrais: parte de 5152701NH2455S0001RA e 15013A03000070000UP.

Superficie: 9.847,60 m².

Clasificación urbanística: parte solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1), parte solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2) e parte solo rústico de protección forestal.

Norte: muro de José Pereira.

Sur: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Leste: finca 395-b e herdeiros de Ramiro Uzal.

Oeste: finca 395-a do plano de concentración parcelaria.

Sobre esta parcela hai parte dunha edificación destinada a almacén.

Segregación pretendida sobre a finca matriz 1:

PARCELA A:

Superficie: 1.593 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

PARCELA B:

Superficie: 1.701 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

PARCELA C:

Superficie: 2.123 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

PARCELA D:

Superficie: 2.124 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

PARCELA E:

Superficie: 3.135 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

PARCELA F:

Superficie: 2.128 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

RESTO DA FINCA MATRIZ 1:

Superficie: 3.106 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

Sobre esta parcela existe unha edificación destinada a vivenda e parte de outra destinada a almacén.

Segregación pretendida sobre a finca matriz 2:

PARCELA 1:

Superficie: 2.224,40 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

PARCELA 2:

Superficie: 2.224 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

Segregacións e agregacións pretendidas co resto da finca matriz 2:

Á finca matriz 2 segregáse dúas porcións de terreo, unha de 108 m² no seu vento norte, coincidindo esta segregación coa liña que separa as cualificacións urbanísticas de solo de núcleo rural consolidado do solo rústico de carácter forestal, e agrégase á parcela A. A outra porción de 83 m², segregáse no sur da finca e agrégase á parcela F desta segregación.

As parcelas A e F quedan descritas da seguinte forma:

PARCELA A resultante da agregación:

Superficie: 1.701 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

PARCELA F resultante da agregación:

Superficie: 2.211 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

RESTO DA FINCA MATRIZ 2:

Superficie: 5.208,20 m².

Clasificación urbanística: parte solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1), parte solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2) e parte solo rústico de protección forestal.

Agregación pretendida:

Parcela resultante da agregación do resto da finca matriz 1 e do resto da finca matriz 2.

Superficie: 8.314,20 m²

Clasificación urbanística: parte solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1), parte solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2) e parte solo rústico de protección forestal.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, informando ao interesado, que segundo o artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deberá proceder á cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, que se cumprimentará con ocasión do procedemento de concesión de licenza de obras, no seu día.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González